

ANEXO I OS PRAZOS

ADMISIÓN:

P.1. Para a admisión polo procedemento do apartado 2.1:

Haberá que solicitar a admisión segundo o calendario aprobado pola CiUG para o Sistema Universitario de Galicia (<http://ciug.gal/PDF/cartelcalendario2018.pdf>)

P.2. Para a admisión polo procedemento dos apartados 2.3, 2.4, 2.6, 2.9 e 2.10:

O prazo de presentación de solicitudes será o mes de xuño e os requisitos reuniranse en dito prazo, resolveranse antes do 31 de xullo.

- A quen solicite admisión tendo pendentes cualificacións e resulte admitido poderá pedir que se lle recoñezan eses créditos sempre que o faga nos 15 días seguintes ao ter completado o expediente. Os centros deberanlle resolver esta nova solicitude antes do 30 de setembro.
- Ademais, cando resulten prazos sen cubrir, e existan solicitudes presentadas en prazo que non foron resoltas favorablemente ao estar pendentes de cualificacións, unha vez completado o expediente, poderán solicitar ao centro a revisión da situación. Os centros poderán resolvelas antes do 30 de setembro.

P.3. Para a admisión polo procedemento do apartado 2.7:

Primeiro prazo:

- Prazo de presentación de solicitudes: do 11 ao 22 de xuño
- Publicación de listaxes provisionais de solicitudes admitidas a trámite: 27 de xuño
- Prazo de presentación de reclamacións: o 28 e 29 de xuño
- Publicación de listaxes definitivas de solicitudes admitidas a trámite: 5 de xullo
- Publicación de listaxes provisionais de persoas admitidas a matricularse: 6 de xullo
- Prazo de presentación de reclamacións: o 9 e 10 de xullo
- Publicación de listaxes definitivas de persoas admitidas: 13 de xullo

Segundo prazo (só no caso de haber menos persoas admitidas que prazos ofertadas):

- Prazo de presentación de solicitudes: do 16 ao 20 de xullo
- Publicación de listaxes provisionais de solicitudes admitidas a trámite: 24 de xullo
- Prazo de presentación de reclamacións: o 26 e 27 de xullo
- Publicación de listaxes definitivas de solicitudes admitidas a trámite: 31 de xullo
- Publicación de listaxes provisionais de persoas admitidas a matricularse: 1 de agosto
- Prazo de presentación de reclamacións: o 2 e 3 de agosto
- Publicación de listaxes definitivas de persoas admitidas: 6 de agosto

P.4. Para a admisión polo procedemento do apartado 2.8

O prazo de presentación de solicitudes será ao longo do curso académico, aínda que, dependendo da opción elixida segundo o seguinte:

- Proba de aptitude, período de prácticas ou realización dun proxecto ou traballo: alomenos 15 días antes de calquera delas.
- Asistencia a cursos tutelados: no prazo de matrícula establecido no apartado P.6 deste mesmo anexo. No caso de solicitudes realizadas no antedito prazo de matrícula, haberá que esperar ao seguinte curso académico para poder matricular esta opción.